

---

# **PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 CURSO 2020-2021**

---

EEI A LAGOA

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA
3. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL
4. MEDIDAS DE LIMPEZA
5. MATERIAL DE PROTECCIÓN
6. XESTIÓN DOS ABROCHOS
7. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO
8. MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS
9. MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO
10. PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO
11. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

## 1. INTRODUCCIÓN

O presente documento recada as medidas preventivas, colectivas e individuais a adoptar no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021 na EEI da Lagoa pola comunidade educativa, co obxectivo de protexer e previr ao máximo posible o risco de contaxio por COVID-19 mediante unha contorna escolar saudable e segura.

Estas medidas comprenden o establecido no protocolo xeral das consellerías de Educación e Sanidade, adaptando algúns dos seus aspectos ao caso concreto do noso centro.

Este centro está composto por unha aula mixta, cunha matrícula de 13 alumnos/as comprendidos en 4 cursos diferentes ( 2º ciclo de Educación Infantil e 2º de Educación Primaria). O desenrolo destas ensinanzas e a xestión da escola corre a cargo dunha única persoa, a mestra responsable.

## 2. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

### a. Denominación do centro, enderezo e teléfonos.

EEI A LAGOA

Enderezo: A Lagoa s/n

Sorrizo-Arteixo (A Coruña) 15144

Teléfono: 981646930

### b. Membros do equipo COVID-19

Polas características que presenta este centro, as membros do equipo COVID-19 é unha única persoa, Iria Quiroga López, mestra e responsable da EEI A Lagoa.



### **c. Centro de Saúde de referencia.**

O centro de saúde de referencia que nos corresponde por localización é o Centro de Saúde de Arteixo, situado na Travesía de Arteixo, 278, Arteixo.

### **d. Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe.**

O centro educativo conta con dous espazos diferenciados, cada un nunha altura do edificio. Este contexto delimita o concepto de espazo de illamento no caso de detectarse calquera sintomatoloxía nun alumno/a, e mentres non se xestiona o seu traslado, xa que, unicamente unhas sesións á semana, a mestra e responsable da escola conta ca presenza e apoio do persoal docente. Polo que se presentan dous escenarios diferentes:

1º. A mestra responsable como o único persoal docente no centro: Esta situación, que é a máis recorrente, non permite contar cun espazo de illamento total. Aquí, farase un recuncho, o mais afastado posible do resto alumnado, dotado con todo o material de protección necesario e as medidas establecidas no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 publicado polas Consellerías de Educación e Sanidade.

2º. A presenza da mestra especialista en lingua estranxeira ou a mestra de relixión: Nesta situación, o contar con dúas mestras, poderemos utilizar a aula do primeiro andar como espazo do illamento COVID-19, correctamente equipado con todo o material de protección necesario.



**e. Número de alumnos/as por nivel e etapa educativa.**

ETAPA	NIVEL	Nº ALUMNADO
Infantil	4º	3
	5º	7
	6º	1
Primaria	1º	0
	2º	2

**f. Cadro do persoal do centro educativo.**

PERSOAL DOCENTE	CARGO
Iria Quiroga López	Mestra responsable
Mónica López Díaz	Mestra especialista en lingua estranxeira
Mª Enriqueta Blanco Sanxiao	Mestra especialista en relixión católica

**g. Determinación do grupo de convivencia.**

Este centro está composto por unha unidade, polo que existe un único grupo de convivencia. Este grupo está composto por 13 alumnas/os con idades



comprendidas entre os 3 e os 7 anos, a mestra titora (sendo tamén a responsable da escola), a mestra especialista en lingua inglesa e a mestra de relixión católica.

#### **h. Medidas específicas para o grupo estable de convivencia.**

- ❖ Lavado de mans frecuente, esta é a medida principal de prevención e control da infección. Lavaranse as mans con auga e xabón:
  - Despois de cambiarse o calzado.
  - Antes de entrar na aula.
  - No caso de tocar secrecións respiratorias.
  - Tras finalizar algunha proposta didáctica que inclúa materiais manipulativos.
  - Antes e despois de tomar a parva.
  - Á volta do patio.
  - Antes e despois de usar o WC.
  - No momento da saída.
  
- ❖ Tarefas de ventilacións de polo menos de 5-10 minutos ao inicio da xornada, entre a xornada e ao finalizar e cando a meteroloxía o permita, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
  
- ❖ Desinfección das superficies usadas e ventilarase a aula durante as sesións cos especialistas.
  
- ❖ Retirada de material innecesario da aula que poida ser fonte de contaminación, así como tamén a retirada de mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para obter a distancia necesaria entre o alumnado.



- ❖ Procurar a distancia entre o alumnado, sempre que sexa posible, durante as actividades individuais. Nos grupos colaborativos os seus membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita.
- ❖ Desinfección do material compartido ao longo da xornada.
- ❖ Logo de cada limpeza, ou despois de usar panos dun uso, os materiais empregados desbotaranse de xeito seguro nunha papeleira con bolsa e protexida cunha tapa e un pedal.
- ❖ Na aula, disporase de portapanos desbotables e xel hidro-alcohólico e unha solución de auga e xabón, aínda que o dispensador de xel non será accesible sen supervisión.
- ❖ Reforzarase a información sobre hixiene individual con carteis en lugares ao alcance da vista.
- ❖ Ao inicio de cada xornada, lembraremos as normas de hixiene e traballaremos para a súa concienciación de xeito lúdico.
- ❖ Redución ao longo da xornada das actividades en gran grupo.
- ❖ Préstamo de libros ou material: realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas sinalizadas e illadas como mínimo 24 horas antes de volver aos andeis.

#### **i. Canle de comunicación.**

Existen diferentes canles de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e



Profesorado, e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencias e ausencias. As características desta escola unitaria fan deste proceso de comunicación algo bastante doado xa que, é unha única persoa a mestra e responsable do centro. Estas canles son:

- ❖ Teléfono do centro: 981646930
- ❖ Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/eeilagoa/>
- ❖ Enderezo electrónico do centro: [eei.lagoa@edu.xunta.gal](mailto:eei.lagoa@edu.xunta.gal)
- ❖ Enderezo titoría: [eeialagoa@gmail.com](mailto:eeialagoa@gmail.com)

\*O enderezo electrónico da titoría será a canle mais efectiva fóra do horario lectivo.

#### **j. Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.**

O procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado levarase a cabo por parte da mestra responsable a través dos informes predefinidos do XADE. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante do facultativo para a súa acreditación. No caso do alumnado abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais.

#### **k. Procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas.**

Ante a posible aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID 19 dun alumno/a o procedemento de comunicación da incidencia sería o seguinte:

1º Aviso ao coordinador COVID 19. Este primeiro paso só se levará a cabo no caso de atoparse a mestra especialista co grupo – clase. De non darse o caso, pasarase automaticamente ao seguinte punto.





2º Comunicación da coordinadora COVID 19 coas autoridades sanitarias e a familia do/a alumno/a afectado segundo a seguinte orde:

- Chamada telefónica á familia do afectado/a.
- Chamada telefónica ao centro de saúde de referencia
- Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade.
- Subida de datos á aplicación.

### 3. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

#### a. Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.

Sempre que a situación o permita, as titorías coas familias do alumnado levaranse a cabo de forma presencial para o que se seguirán as seguintes pautas e medidas de protección:

- ❖ Establecemento de cita previa.
- ❖ Asistencia dun único proxenitor/a. En caso de divorcio ou separación, realizarase en momentos separados sempre e cando a patria e custodia sexa compartida.
- ❖ Ventilación do espazo previa e posteriormente á xuntanza e sempre que as condicións climatolóxicas o permitan durante a propia titoría.
- ❖ Distribución e organización do mobiliario para garantir a distancia.
- ❖ Desinfección de mans trala chegada ao centro e durante o momento da reunión de ser preciso. Para tal efecto, colocarse ao carón do proxenitor ou proxenitora un dispensador de xel hidro-alcohólico.



- ❖ Uso da máscara dende a chegada ao centro ata a saída do mesmo tanto polo mestra como polo/a pai ou nai do alumno/a. No suposto de que o pai ou nai non poida facer uso da máscara deberá presentar a debida acreditación á responsable.
- ❖ De ser necesario visualizar algún documento, realizarase unha copia do mesmo para evitar a manipulación conxunta.
- ❖ O material de escritura deberá ser desinfectado polo usuario no caso de precisalo.

Cando a titoría non se poida realizar de forma presencial debido a situación da pandemia, realizaranse de forma telefónica ou telemática no horario asignado para as mesmas.

#### **b. Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro.**

Canles de comunicación e información	Familias	Persoal alleo ao centro
Enderezo electrónico corporativo	x	x
Enderezo electrónico titorial	x	
Teléfono do centro	x	x
Páxina web do centro	x	x
Blogue da titoría	x	



### **c. Uso de máscara no centro.**

Seguindo as instrucións do *Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021*, o uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersoal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

Ao alumnado de Educación Infantil recoméndaselle o uso da máscara, non sendo obrigatoria.

Tanto o persoal docente como o non docente ten a obriga de usar a máscara durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.

As familias teñen a obriga do uso de máscaras nas entradas e saídas así como no caso de ser preciso o acceso ao centro educativo.

### **d. Información e distribución do Plan Covid-19 entre a comunidade educativa.**

Toda a información que recolle este documento será posta en coñecemento das familias durante a primeira reunión que se levará a cabo ao comezo do curso. Existirá tamén unha copia dixital e impresa no centro para a súa consulta.

#### 4. MEDIDAS DE LIMPEZA

As medidas de limpeza do centro están recollidas no protocolo de limpeza do Concello de Arteixo, por ser o encargado deste ámbito na escola.

O centro contará cun servizo ordinario para as tarefas xerais e habituais de limpeza fóra do horario lectivo e cun servizo reforzado na quenda de mañá para limpeza e desinfección.

A continuación preséntanse as actuacións básicas a levar a cabo:

- Reforzarase a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Utilizarase o listado de virucidas indicados polo Ministerio de Sanidade.
- Realizarase unha limpeza xeral de todas as instalacións, polo menos, unha vez ao día, reforzándose e intensificándose naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, coma no caso dos aseos, onde será, polo menos, de dúas veces ao día.
- Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, billas, barras, interruptores e outros elementos de similares características así como de elementos das cisternas e outros dos aseos.
- Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces na xornada. En todo caso nos aseos existirá xaboeiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.



- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recen preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.
- Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- Vixiarase especialmente a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.
- Por parte do persoal de limpeza e desinfección, mentras está desempeñando as súas funcións, realizará tarefas de ventilación frecuentes nas distintas dependencias que estea limpando e/ou desinfectando, sempre coas medidas de prevención de accidentes necesarias.
- Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

En canto as medidas relacionadas coa xestión dos residuos:

- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.



- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).
- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, illarase o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo será extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.
- Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

## 5. MATERIAL DE PROTECCIÓN.

Debido as características do centro, está composto por unha única persoa como persoal docente e responsable do mesmo, a cal é a encargada de revisar, mercar e distribuír o material de protección.

Unha vez recibida a dotación inicial por parte da Consellería, o centro garantirá a existencia de máscaras suficiente para posibles continxencias que poidan xurdir. Haberá unha dotación delas no botiquín do centro.

A través dunha táboa de Excel e unha revisión periódica, levarase a cabo a xestión do material de protección, entre os cales atópanse: panos de papel, xel hidroalcohólico e papeleiras con tapa en diferentes puntos da escola, así como un spray



virucida autorizado para limpar as mesas e materiais. Dispoñemos de xabón nos baños.

O aprovisionamento de máscaras para o profesorado e resto do persoal non docente será individual, pois actualmente é un elemento de uso obrigatorio na vida cotiá, se ben poderá facerse uso das existentes no centro en caso necesario.

O alumnado deberá traer as súas máscaras de protección á escola, aínda que no centro dispoñemos de máscaras cirúrxicas para utilizar no caso de precisarse por necesidade ou esquecemento, ou no caso de que alguén inicie síntomas.

Haberá un dispensador de xel hidroalcohólico na entrada do centro e en cada unha das dúas aulas existentes no centro así como unha reposición dos mesmos no almacén.

## 6. XESTIÓN DOS ABROCHOS

No caso de darse un abrocho (gromo ou brote) no centro, o procedemento a seguir será o establecido nas Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021:

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.



- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo, levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.
- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.
- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.





## 7. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO.

As **entradas e saídas** do centro faranse pola porta do patio, tanto o alumnado que utiliza o transporte escolar como o que ven acompañado por un único familiar.

Debido as características do centro, cunha matrícula de 13 alumnos/as en total, non se fan quendas, pero respéctanse as medidas de seguridade. en todas as gardas estará a mestra responsable e, no seu caso, a mestra especialista de lingua estranxeira.

A **circulación** dentro do **centro** non presenta medidas extraordinarias xa que é un único habitáculo, non existindo corredores.

Cando sexa necesario a entrada de persoal allea o centro ou algunha familia de maneira puntual, realizase pola entrada principal, debidamente sinalizada e coas medidas de protección oportunas. O uso da máscara é obrigatorio, así como a utilización do xel hidroalcohólico.

A escola contará con toda a carteleira informativa respecto as normas de seguridade a gardar por mor da COVID-19.

Na hora do recreo non existiran quendas xa que é un único grupo de convivencia estable que ten o centro.

O centro só conta con outros 3 espazos a maiores da aula, dous baños e un espazo onde realizar Psicomotricidade e Educación Física.

A Educación Física é fundamental no proceso de desenvolvemento do alumnado polo que, as súas características obrigan a ter unhas pautas moi claras. Para minimizar os riscos na actividade física, poñeremos en práctica as seguintes pautas:



- O emprego da máscara é obrigatorio agás que a clase se desenvolva no exterior, con exercicios de carácter individual e con máis de 2 metros de distancia interpersoal.
- Na medida que o tempo e o tipo de actividade o permita, a sesións terán lugar no exterior.
- Priorizaranse actividades físicas sen contacto e que permitan manter a distancia de seguridade
- Cada alumno/a debe traer a súa propia botella de auga e non pode beber doutra.
- Minimizarase o uso de material compartido. O material non pode estar accesible ao alumnado e só o pode repartir o mestre/a, buscando amaneira de evitar aglomeracións.
- Para a recollida do material o alumnado que o está a usar o deixa no lugar que lle indiquen para proceder a súa desinfección.
- Priorizarase o emprego de material fácil de desinfectar.
- Darase tempo suficiente para que se poidan lavar e desinfectar as mans o rematar a actividade.

## 8. MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:

- Reunións telemáticas, serán o xeito preferente, na plataforma oficial que oferte a consellería (posiblemente CiscoWebex)



- Presenciais, sempre e cando a evolución da covid o permita. Sempre nun espazo que garanta a distancia de seguridade e unha boa ventilación.

Para as xuntanzas da ANPA, ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do colexio o suficientemente amplo que garanta a distancia social. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.

## 9. MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

O aforo dos autobuses será o determinado polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.

A acompañante da empresa de transporte á que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velará porque todos/as os/as ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento. Con carácter xeral, cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos, quedan suspendidas as autorizacións de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2 Km). No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado o criterio de prioridade é o de maior distancia de residencia ao centro educativo, tendo en conta que a administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade. O autobús fará a parada, como é habitual, fóra do recinto escolar. Os/as ocupantes do autobús baixarán de maneira graduada. O alumnado sairá e accederá ao recinto do centro directamente, á zona onde se realiza o cambio do calzado.



Á hora da saída, o autobús estará en paralelo á porta de saída establecida e subirán a el de maneira gradual.

## 10. PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO.

Polas características do centro, as únicas medidas específicas para o profesorado é nas sesións que acode á escola a mestra especialista de lingua estranxeira e a sesión de relixión impartida pola mestra especialista nesta materia. Nestas horas gárdanse as medidas de seguridade oportunas. O resto das horas lectivas, a mestra responsable é o único persoal docente co que conta a escola.

## 11. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

A Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán mediante fórmulas de teleformación, a información e formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2020/2021 inclúiranse cursos impartidos por profesionais sanitarios. Empregaranse todas as canles de comunicación habituais no colexio para a difusión de toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade. Do mesmo xeito, facilitarase o acceso a documentación e charlas formativas de interese

Na páxina web do centro e nas canles que habituais, estará exposto este “Plan de adaptación da EEI A Lagoa á situación COVID-19”, á disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa.